

*"Os pobres teñen moito máis tempo que os ricos —e tamén máis frío, máis fame, máis soidade, máis choiva, máis sol, máis lúa, máis vento—...."*

Alvaro Cunqueiro

## CURSOS 2020-2021

| CURSO     | DÍA    | HORA  |
|-----------|--------|-------|
| GAITA 2   | XOVES  | 18-20 |
| GAITA 3   | VENRES | 18,30 |
| CANTO     | VENRES | 17,00 |
| BAILE     | XOVES  | 20    |
| PERCUSIÓN | VENRES | 18,30 |

*Os cursos, debido á situación da pandemia, estamos a espera de poder reinicialos presencialmente cando as autoridades nos lo permitan. Contactaremos con todos vós para informarnos de datas, horas e os cambios que puidese haber. Igualmente avisaremos do inicio dos ensaios da Banda.*



**Olga González López**  
Médico xubilada e historiadora

**"Dei volta e preferín beber pola cidade adiante, nas horas á noite, mentres ti morres cando dormes."**

*Tigres coma cabalos* (1990, Xerais) **Xela Arias**  
Letras Galegas 2021

## IV EDICIÓN – DÍA DE ROSALÍA

Este ano, pola situación da pandemia, o acto non o podemos realizar na Nau da Universidade de Valencia como viña sendo costume. Non queremos deixar pasar a ocasión para seguir homenaxeando a nosa Rosalía conxuntamente con outra galega universal. Este ano dedicámoslo á Primeira Enfermeira en Misión internacional: Isabel Zendal.

O venres 26 de febreiro, ás 19,30 horas, utilizando as novas tecnoloxías, transmitimos o acto dedicado a estas dúas insignes mulleres. No mesmo houbo unha conferencia moi detallada sobre a vida e obra de Isabel Zendal pola médica galega (afincada en Valencia) e historiadora dona Olga González López.

No devandito acto participaron o Secretario Xeral de Emigración, don Antonio Rodríguez Miranda; A Consellera de Participación, Transparencia, Cooperación e Calidade Democrática da Generalitat Valencia, Honorable señora doña Rosa Pérez Garijo; Mila, recitando o poema *Desgracia* de Rosalía de Castro; o noso presidente, Manolo Fortes, falando da situación actual e enviando unha mensaxe de esperanza a todos os socios e amigos; Isabel López, dando as palabras de benvida e peche do acto. Ao finalizar emprazamos a todos ao Día das Letras Galegas que celebraremos, se as circunstancias permíteno, o 21 de Maio.

Tivemos unha cantidade grande de visitas á web do noso centro interesándose polo devandito acto. A nosa particular homenaxe, igualmente, á celebración o 8 de marzo do Día da Muller.

Este acto poderá ser visto na ligazón <https://youtu.be/SsPPoF7wHJO> (Youtube)



**IV EDICIÓN**  
**Día de Rosalía**  
**2021**

*"¿Qué pasa é redor de min?  
¿Qué me pasa que eu non sei?  
Teño medo dunha cousa  
que vive e que non se ve.  
Teño medo á desgracia traidora  
que ven, e que nunca se sabe onde ven".*  
Follas Novas, VI, P. 7  
*Rosalía Castro de Hurgarín*

Dedicado este ano a  
**Isabel Zendal**  
Enfermeira Galega Universal  
Exposición sobre a vida e obra  
por  
**Olga González López**

**Venres**  
**26 DE FEBREIRO**  
19:30 horas

Transmisión  
por  
Streaming

secretaria@centrogalegovalencia.es  
<http://centrogalegovalencia.es/>

XUNTA DE GALICIA

*"Sustituir el amor propio con el amor de los demás, es cambiar un insufrible tirano por un buen amigo".*  
Concepción Arenal



<https://centrogalegovalencia.es/>



[secretaria@centrogalegovalencia.es](mailto:secretaria@centrogalegovalencia.es)

## BOLETÍN MENSUAL

### Cursos da SXE- AULA DE LINGUA E CULTURA GALEGAS

#### REFRANEIRO GALEGO

No mes de san  
Xoán, pícanlle as  
pulgas no rabo ao  
can

A árbore que nace  
torta, tarde ou  
nunca se endereita

O que sementa  
antes de santa  
Catalina, moita  
palla e pouca fariña

A Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia, dentro do seu programa Aula GaliciaAberta, organiza o curso en liña de lingua e cultura galegas, co obxectivo de promover o noso idioma e cultura na Galicia do exterior.

Datas e horarios das clases: **os luns e os xoves, do 18 de febreiro ao 13 de maio de 2021, ás 20:00 h.**

Profesora: Concha Diéguez, de Reverso Comunicación.

Nesta ligazón terás máis información, recuperar as clases xa emitidas e descargar o material dispoñible para o mesmo: <https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/agenda/aula-lengua-y-cultura-gallegas-aula-galiciaaberta>

#### LETRAS GALEGAS 2021 – REVISTA A NOSA EIRA

Neste momento do ano estaríamos a preparar, por parte da Banda, os ensaios conxuntos cos outros centros galegos do Levante para a tradicional ofrenda á Virxe en Fallas de Valencia. Debido ao momento que vivimos, obviamente, non teremos desfile. Tampouco acudiremos a Castelló para compartir a Madalena cos nosos paisanos do "Aturuxo".

Como é sabido, suspendemos os cursos presenciales por mor da pandemia e, na medida que as autoridades sanitarias permítano, iremos reiniciando os mesmos sempre coas medidas máximas de precaución.

É nesta etapa cando comezamos, igualmente, a desenvolver a Revista A Nosa Eira que xa chega á VI edición. Seguramente é o momento de darlle un toque novo á mesma. Por iso convidámosche a participar coas túas achegas: desde un poema, un escrito sobre algo da nosa terra, imaxes antigas doutras etapas do galeguismo en Valencia e todo aquilo que poida enriquecer unha publicación que identifica, non só as nosas actividades, senón aquilo que queremos exportar e sexa unha fonte de axuda para chegar a todos eses galegos e valencianos que queren e desexan participar das nosas tradicións, cultura, música, gastronomía e lingua.

Animarvos a participar. Moitas veces non sabemos que podemos achegar cousas que, non só son os nosos gustos, senón que son compartidos ou descubertos por moitos outros.

Esperamos a vosa axuda e dispoñer, no Día das Letras Galegas, unha ano máis da nosa revista representativa.

CENTRO GALEGO DE VALENCIA

MAIO 2021  
17

**LETRAS GALEGAS**  
**XELA ARIAS**

"Nas terras de ninguén que  
chaman ás casas:  
Os vosos fogares  
Asolados de compromisostan,  
tan antigos"

VENRES 21 MAIO  
18:30  
Jardín Botánico de Valencia  
c/ Quart, 80

Reservas:  
[secretaria@centrogalegovalencia.es](mailto:secretaria@centrogalegovalencia.es)

PROXECTO SUVENCIADO POLA  
XUNTA DE GALICIA